

ANCARES: innovación para converter as granxas de leite en aliadas fronte ao cambio climático



A gandería ten un papel fundamental na produción de alimentos, pero tamén está chamada a desempeñar un papel protagonista na loita contra o cambio climático. Co obxectivo de axudar ás explotacións de vacún de leite a producir dunha forma cada vez máis sostible nace ANCARES, un proxecto de innovación supraautonómico que une esforzos entre Galicia e Asturias para desenvolver novas ferramentas que permitan mellorar a saúde do solo, optimizar a fertilización e aumentar a capacidade das granxas para capturar carbono.

ANCARES está integrado, ademais de por **AGACA**, por **CAPSA FOOD**, **Central Lechera Asturiana SAT (CLAS)**, a **Fundación Centro Tecnolóxico Forestal e da Madeira (CETEMAS)**, a **Universidade de Santiago de Compostela**, a **Universidad de Oviedo** e **MEDRAR Smart Solutions**, combinando o coñecemento científico coa experiencia das empresas e das cooperativas.

ANCARES busca demostrar que as explotacións de vacún de leite poden ser parte da solución fronte ao cambio climático, convertendo os seus solos en aliados para capturar carbono e mellorar a sustentabilidade.

O proxecto parte dunha idea sinxela: os solos das explotacións poden converterse nun importante aliado para reducir a concentración de dióxido de carbono na atmosfera. Para conseguilo, ANCARES analizará a saúde dos solos e o carbono que almacenan, empregando mostras de campo, sensores remotos, satélites e drones. Toda esta información servirá para desenvolver algoritmos e ferramentas dixitais que permitan ás explotacións coñecer mellor o seu potencial e tomar decisións máis eficientes sobre a fertilización e o manexo das parcelas.

Pero máis alá da investigación, as solucións deseñadas probaranse directamente en explotacións comerciais, avaliando prácticas como o pastoreo rotacional, a mellora da biodiversidade ou o uso máis eficiente dos fertilizantes. O obxectivo é que o coñecemento xerado poida aplicarse de forma práctica e contribuír a facer as granxas máis competitivas, resilientes e preparadas para responder ás novas esixencias ambientais da Unión Europea.

Neste proceso, AGACA desempeñará un papel esencial na transferencia de resultados ao sector cooperativo, organizando accións de divulgación, formación e demostración para facilitar que as innovacións cheguen ás explotacións e poidan incorporarse ao seu día a día. Porque o verdadeiro éxito de ANCARES non dependerá só dos avances científicos, senón tamén da súa capacidade para transformalos en ferramentas útiles para os gandeiros e gandeiras.

ANCARES: Ferramentas innovadoras para a análise do uso do chan e nivel de carbono en agroecosistemas de rexións lácteas sostibles (REGAGE 25e00048404211) é un proxecto de innovación de interese xeral por grupos operativos supraautonómicos da Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas (AEI-Agri), no marco do Plan Estratéxico da PAC de España (PEPAC). A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Formación Agroalimentaria (DGDRIFA) é a autoridade encargada da aplicación das devanditas axudas. Fondos procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (80 %) e da Administración Xeral do Estado (20 %). Orzamento total do proxecto: 596 769,91 €. Subvención total: 596 769,91 €.

Duración:

3 anos (2026-2029)

Ámbito de actuación:

Galicia e Asturias

Financiamento: Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (FEADER + MAPA)

Coordinación: CETEMAS (Grupo Operativo) e MEDRAR (coordinación técnica)

Participantes: CAPSA FOOD, CLAS, CETEMAS, AGACA, USC, Universidade de Oviedo, MEDRAR.

Obxectivo: desenvolver ferramentas para medir e potenciar o secuestro de carbono, mellorar a saúde do solo e optimizar a fertilización nas explotacións leiteiras.